

Prestacións e axudas

2020-07-07

Prestacións dos autónomos

O 30 de xuño remataron a prestacións que se pagaron por parte das mutualidades durante estes meses en estado de alarma. A partir deste mes de Xullo xa non hai a prestación extraordinaria pero se mantén a exención total da cuota de autónomos para xullo, e do 50% e 25% para agosto e setembro. Esta exención xa se lle concede automaticamente aos que recibiron a prestación ata o 30 de xuño.

Pódese SOLICITAR A PRESTACION DE CESE DE ACTIVIDADE para Xullo, agosto e Setembro si se cumpren os seguintes requisitos:

- Reducir os ingresos no 75% durante o 3º Trimestre do 2020 con respecto o 3º Trimestre do 2019.
- Non ter unhas rendimentos netos(beneficios) superiores á 5.818,75 € durante o 3º trimestre do 2020.
- Ter un período mínimo de cotización de 12 meses.

Todos aqueles que entendan ou comproben que poden cumprir estes requisitos terán que indicarnos e ordenarnos que solicitemos esta prestación.

AXUDAS PARA TRABALLADORES EN ERTES OU CON REDUCION DE XORNADA E PARA EMPRESAS E PLANS DE FORMACIÓN PARA OS TRABALLADORES DURANTE AS ESTADIAS EN ERTES

O día 1 de xullo, publicouse no Doga unha orden de axudas para persoas traballadoras de empresas afectadas por ERTE ou ETOP de suspensión ou redución da xornada de traballo, para favorecer o poder adquisitivo destes traballadores e así o mantemento de emprego.

Estas axudas son para as persoas traballadoras que se vexan afectadas a partir do día 1 de xullo e ata 31 de outubro, podendo obter un complemento entre 12 e 15 € diarios. Estas axudas deberán solicitálas as persoas traballadoras das empresas e recomendamos que se dirixan as súas organizacións ou administracións, porque dende Asesoría non nos vamos a tramitar.

Tamén existen axudas para as empresas que se acollan a estes expedientes e que acorden plans de formación para os seus traballadores mentres permanecen no ERTE. Si están interesados deben dirixirse as empresas que se dedican a formación para informarse e no seu caso para tramitalas.

Saúdos

ASESORIA BIEITO S.L.